



Luís Valle

A caída



VII PREMIO CAIXANOVA 2008

O presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán; o primeiro libro de Luís Valle, *A caída*, e a cantante Guadi Galego. / LALO R. VILLAR / ANXO IGLESIAS

OS GROUCHOS

O milagre da poesía e o nepotismo iletrado

MANUEL
RIVAS

A poesía é o gran milagre do mundo! Hai días en que esa verdade que Luis Pimentel repite como salmodia salvadora en *Sombra do aire na herba*, vén e nos visita como esa noitarega que nesgou o bosque e abaneou a noite. Abanador da noite!, di o poeta do poema que acada esa condición de milagre do mundo. Ese si que é un mester, o da abanar a noite. E áinda máis di Pimentel nese libro que de seu termaría dunha cultura: "Non te decatas de que se moveu o silencio?".

Abaneou a noite. Moveuse o silencio. Isto ocorreu o mércorens no Teatro Rosalia Castro. Unha convocatoria orixinal, *Poesía + Ciencia*, que case enche o local universal, malia ser clandestina, silenciada na maioría dos medios. A este paso as listas negras da cultura no *macartismo* coruñés van ter o grosor da guía telefónica. E sería pola presenza dos perigosos Einstein e Darwin! Ali estaban tamén Alfredo Ferreiro (a quien envexo o alcume xa célebre d'*O levantador de minas*), Marica Docampo, Emma Couceiro, Xavier Seoane, Estibaliz Espinosa... Entre poema zen e poema científico, a atmosfera foi dunha Galicia cósmica. Mais Rosalia Castro acudou a definitiva condición aerostática cando Xabier Díaz e Guadi Galego, con Guillermo Fernández á guitarra, interpretaron o *Astronauta lírico*, a composición do brasileiro Vitor Ramil, esa que comeza do mellor xeito posible: "Vou viajar contigo essa noite..."

Dicía o Álvaro de Campos, un dos heterónimos de Pessoa: "Todas as cartas de amor són ridículas".

—Pois não, señor. Problema dele!

Hai cartas e declaracions de amor que forman parte do milagre do mundo. E veiá o *Astronauta lírico*, mais ainda se é na

voz de Xabier e Guadi: "Quero perder o medo da poesía / Encontrar a métrica e a lágrima / Onde os caminhos se bifurcam / Flanando na miragem de um jardim / Quero sentir o vento das esquinas / Circulando a calma / do meu íntimo / Entre a poeira das palavras / Subir na tua voz em espiral / Eu, astronauta lírico em terra / Indo a teu lado, leve, pensativo...".

"Quero perder o medo da poesía", di a letra de Vitor Ramil. Quen pode ter medo doxe da poesía por que?

A Deputación de Pontevedra, que preside Rafael Louzán, vén de pór fin á vida nun dos mellors ecosistemas poéticos que funcionaban en Galicia. A colección que leva ba o nome da illa pontevedresa de Tambo. Dende que se abriu no ano 2000, saíron á luz trinta e seis libros, a maioría dunha colleita excelente. Ái temos obras como *Parábola do incrédulo* e *Epícentro*, de Manuel Álvarez Torneiro, que foi finalista do premio nacional de Poesía; *A rocha dos proscritos*, de Ramiro Fonte; *Zen inviernos*, de Román Raña; ou a marabilla laboriosa do libro de sonetos de Xavier Seoane, *Vagar de amor e sombra*. No microclima de Tambo viu a luz *Océano e silencio*, o primeiro libro de poemas de Antón Patiño! Ái agrómaram especies novas de Baixeras, Manuel Rómán, Estibaliz Espinosa e Elvira Rivero. Levan o selo de Tambo dúas obras que esgotaron ediciones e abaneon os muros da crítica literaria hispana: *En el norte hay un mar que es más alto que el cielo*, de Carlos Oroza, e *El viento del desierto*, de Cecilio Muñoz. Estes libros non ficaban amoredos nos sotos para apoderecer, como adoitaba pasar en moitos organismos onde se publica por orde analfabetica. Non, os libros de Tambo eran distribuídos por Galaxia e abanaban vivos polas librerías.

Estamos a falar, pois, da colección poética máis prestixiosa feita por unha institución pública en Galicia. Dirixida por un dos mellores maxins do país, Luis Rei Núñez, quen facía todo o seu traballo por

amor á arte. E por amor á arte entregaban as súas obras os poetas. E por amor á arte ilustraban as portadas os artistas, xentes da calidade de Antón Llamazares, Menchu Lamas, Moldes, Xosé Freixanes, Marta Armada, Berta Cáccamo... O de amor ao arte hai que entendelo sen eufemismos: no ecosistema de Tambo, como en tantos outros que osixenan este país, ningún cobraba un peso. E áinda hai mentecatos que empordan a prensa coa lería dunha cultura de esmolantes ao estilo dos que petaban por migas de pan na porta pacega en *Romance de lobos*? Aquí, o que si hai é lobos, os mellorados que andan a arreapañar no pazo.

O caso é que vén de decretarse a morte de Tambo, mesmo coa aplicación dunha eutanasia forzada a seis obras que xa estaban listas para a publicación. Se sumamos indicios, é evidente que non estamos ante unha decisión técnica, senón ante outro operativo de nepotismo iletrado (saudade do "nepotismo ilustrado" que acuñou un antecesor de Louzán!).

Sexa por nepotismo iletrado ou por aplicación do *macartismo* á galega que se está a espallar como un virus desmemoriado, a

Falando de lectura, a historia que protagoniza o ex conselleiro de Ribadumia e actual presidente da Deputación está xa moi ben reflectida no ensaio, na literatura e na poesía. Frente ao descaugo que estas barbarías causan, talvez unhas palabras de Walter Benjamin, da súa *Teses sobre o concepto de Historia*, poden ofrecer unha sorte de compensación: "A nosa imaxe de felicidade está indisolublemente ligada coa do rescate". O rescate, esa tarefa da "memoria laboriosa". Cómpre rescatar Tambo, as illas e insuas onde medran os libros.

Unha das insuas felizmente preservadas é a da colección Arte de Trobar, que mantén o Pen Clube Galicia co apoio de CaixaNova. Un dos grandes paradoxos da Galicia de arrestora é comprobar que moitas institucións da Administración pública están ocupadas por política de facción, mentres outras entidades, privadas ou semipúblicas, seguen un rumbo moito menos prexuzoso, menos sectario e más respeitoso coa cultura galega.

A última entrega de Arte de Trobar é o poemario *A caída*, de Luis Valle (Lugo, 1977), premio CaixaNova 2008. Despois de ler esta obra, hai unha razón máis, mesmo unha razón apaixonada para comunicar con Luis Pimentel: A poesía, si, é o gran milagre do mundo! Unha obra que abanea a noite e move o silencio. A poesía é a boca do "máis estrafío", da soledade, mais tamén é un xeito de refregar o gran coa pedra de muíño da historia. O que quere dicir que un poeta, un gran poeta, como é o caso deste mozo autor, amasa a súa farinha, e o seu sangue, con moitas outras pescudas que comparten o agora. Mais *A caída*, ese arfar xeográfico, esa paisaxe homeopática, ese habitat natural, esa gráfia de unllas de silex, ese erotismo que se arrisca alén do límite carnal da lingua, contén as outras poéticas, a historia da mellor historia, e leveda en algo novo.

Un bicarello xenial. Un milagre.

A Deputación de Pontevedra aplicoulle a eutanasia á colección de poesía Tambo

dereita que dirixe a Deputación de Pontevedra decidiu tamén suspender a compra de libros galegos que tiñan como principal destinataria as bibliotecas da provincia. Falamos de 40.000 euros. Esta demouca non só prexudica a unha industria galega, como é a da edición, cos seus postos de traballo, senón que atenta contra a liberdade dos lectores que acoden aos centros públicos.